

Plan de Prevención

CCOO non asinamos

O pasado 15 de xuño, a empresa e os representantes da UXT e a CGT asinaron un acordo unicamente para dar cobertura sindical ao que é unha obriga legal da empresa, segundo a Lei de prevención de riscos laborais: ter un plan de prevención. CCOO non asinamos porque consideramos que o desenvolvemento deste plan de prevención non establece as expectativas que a propia lei estipula, e máis tendo en conta que no artigo 2.2 di que «as disposicións de carácter laboral contidas nesta Lei e nas súas normas regulamentarias terán en todo caso o carácter de dereito necesario mínimo indispoñible». Facendo unha similitude, ninguén asinaría un convenio en que o soldo fose inferior ao soldo mínimo interprofesional, aínda que nos dixesen que aos poucos xa nos irían aumentando. Pois a este plan de prevención pásalle o mesmo.

No seu desenvolvemento non define como pensan poñelo en práctica

Como introdución a este plan de prevención, defínese unha política de prevención de riscos laborais do Grupo Banco Sabadell. Estamos de acordo coa formulación teórica, pero no seu desenvolvemento non define como pensan poñelo en práctica e, polo tanto, queda como un documento totalmente teórico, lonxe das necesidades de actuación que requiren as condicións actuais dos postos de traballo desta empresa.

De que propostas reais carece este plan de prevención para poder desenvolver a política preventiva definida?

Como pensa actuar a empresa para mellorar os requisitos dun emprego reais da guía, para reducir as excesivas cargas de traballo?

- Como se pensa chegar a toda a estrutura organizativa da empresa para conseguir que todo o mundo teña unha cultura preventiva?
- Que actuacións pensan poñer en práctica para que as decisións da empresa que afecten ao persoal realmente se inclúan a partir dunha óptica de prevención de riscos laborais?
- Como chegará a ter unha definición estándar de todos os postos de traballo para que sexan ergonomicamente correctos e non afecten a saúde dos traballadores e as traballadoras?
- Como pensa actuar a empresa para mellorar as condicións laborais reais do cadro de persoal, para reducir as excesivas cargas de traballo?
- Como pensa actuar a empresa para facilitar a todo o persoal a realización das revisións médicas correspondentes?

- Que actuacións concretas e reais pensa adoptar a empresa para que despois de avaliar os diversos postos de traballo se apliquen verdadeiras medidas correctoras?
- ...

Que credibilidade nos merece a actitude da empresa, aínda que faga unha definición teórica de boas intencións, se analizamos as súas actuacións a partir da aprobación da lei no 1995?

- A empresa decide, unilateralmente e sen informar a ninguén, exteriorizar Medicina do Traballo e pechar a Unidade Básica de Saúde de Oviedo.
- A empresa dilata no tempo os resultados e as pertinentes medidas correctoras da avaliación de riscos psicosociais que tivo que facer por cumprimento dunha resolución da Inspección de Traballo, e que debería significar unha actuación, entre outros aspectos, sobre as cargas de traballo.
- A empresa négase á tramitación como accidente de traballo das diversas patoloxías que sofren os seus traballadores dos casos motivados por estrés.
- Tras a aplicación do programa Proteo en case toda a organización, os postos de traballo continúan sendo deficitarios ergonomicamente falando, e non houbo unha actitude clara de mellora, á parte da mudanza de pantallas.
- A empresa négase a aceptar como accidente de traballo sen baixa ás persoas afectadas pola lipoatrofia semicircular, que hoxe xa son 21 casos.
- Continúan as graves carencias nos plans de urxencia dos edificios singulares.
- ...

Estes son algúns dos aspectos que tiveron un peso específico á hora de valorar e optar por non asinar este “acordo” sobre o Plan de Prevención. Desde CCOO entendemos que o traballo é un troco comercial: tempo e esforzo a cambio de diñeiro. A saúde non debe formar parte deste troco. Polo tanto, nós non queremos ser partícipes dunhas actuacións que o único que fan é enmascarar a prevención e convertela nunha normativa máis das moitas xa existentes nesta empresa. Quizais os nosos compañeiros da UXT e a CGT nos explicarán por que eles si decidiron apoiar a empresa nesta aventura.

Sabadell, xuño de 2007

Conéctate á nosa web: People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > <http://bs.comfia.net>

Boletín de afiliación	Enviar a ➔	0901 – 0105 CC.OO.	Sinatura	
Nome _____		Ofi.: _____		
Domicilio _____				
Poboación _____		C.P.: _____		
Cta. de cargo _____			DNI _____	Data / / _____
<small>Quedo informado de que os datos persoais que facilito para a xestión solicitada se incorporarán a un ficheiro automatizado de datos de carácter persoal para uso interno baixo responsabilidade de CC.OO.; de que podo exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación dos datos que constan no dito ficheiro nos termos previstos na LOPD 15/99 e demais normativa complementaria a través das sedes de CC.OO., e, por tanto, dou a miña conformidade á recollida de datos, así como á cesión para a indicada finalidade que poida realizar CC.OO. nos termos previstos na devandita Lei.</small>				